

# V DUATLON DE ESTRADA MOVENDONOS POR POIO

CIRCUITO GALEGO DUATLÓN  
LOURIDO 18 FEBRERO 2023



**FROIZ**  
Siempre a su servicio

  
POIO MÓVESE

**FEGATRI 15**  
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN  
E PENTATLÓN MODERNO



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



CONCELLO  
DE POIO



POLICIA LOCAL



## REGULAMENTO DA PROBA



## ORGANIZAN

Triatlón Poio  
Concello de Poio  
Federación Galega de Triatlón e PM.

triatlonpoio@triatlonpoio.com  
deportes.poiomovese@concellopoio.gal  
fegatri@hotmail.com

## COLABORAN

Secretaría Xeral para o Deporte  
Deputación de Pontevedra  
Policía Local  
Protección civil de Poio  
Club Rosa dos ventos

## DATOS DEPORTIVOS DA PROBA

A proba rexerase polas normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Tríatlon e Federación Española de Tríatlon.

[Regulamentos 2023 FETRI/FEGATRI](#)

## DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN

18 febreiro de 2023

Paseo da Enseada de Lourido.

42°25'33.38"N 8°40'12.30"O

ACCESO:

SAIDA E CHEGADA E ZONA DE TRANSICIÓN:

Paseo da Enseada de Lourido (detalle localización según planos)



## HORARIOS

### ENTREGA DE DORSAIS:

Carpa da organización de **12.00 A 14:15**

Os/as deportistas deberán estar na cámara de chamadas 10 minutos antes da súa saída.

PROBA	CONTROL DE MATERIAL	SAIDA
SAIDA MASCULINA SEN CORTE	14:30 a 15:20	15:30
SAIDA MASCULINA CON CORTE 58 minutos para completar ciclismo/T2	16:15 a 17:05	17:15
SAIDA FEMININA 1:35 h. Tempo de meta para clasificarse	16:15 a 17:05	17:25

**Nota.- No caso de que ao remate de inscrición non se superasen os 150 inscritos totais nas probas masculinas faríase unha única saída masculina onde se aplicaría o tempo para poder clasificarse para o Cpto Galego de 0:58 h. ao finalizar o 2º sector.**

### ENTREGA DE PREMIOS:

Despois da carreira con horarios aproximados de 18:45

## CIRCUITO

PROBA	CARREIRA A PE	CICLISMO	CARREIRA A PE
SPRINT	5.5 KM   2 VOLTAS	19,5 KM   4 VOLTAS	2,7 KM   1 VOLTAS

## CRONOMETRAXE

Haberá cronometraxe championchip. Será obrigatorio o uso do chip amarelo Championchip. Os/as participantes que non teñan en propiedade o chip amarelo deberán indicalo no correspondente apartado da inscrición, poñendo o número de chip de posuído. No caso de non ter chip, ou telo extraviado, deberán acceder á seguinte ligazón de Champion Chip para poder recibilo na proba, mercándoo ou alugándoo para o que depositarán unha fianza <https://ccnorte.com/evento/competicion-recorrido/gestion-de-chips-pruebas-fegatri//c/13351#info-13351>

### NON SE DISPORÁ DE CHIPS DE ALUGUER NA PROBA

As opcións que recollerá a ligazón de cara á súa obtención serán as seguintes:

- Merca do chip amarelo- 15€
- Merca de chip e tobillera- 20€
- Aluguer de chip e tobillera- Aboaranse 10 € , coa devolución do chip e tobillera devolveráanse 8€

## INSCRICION

(Dende o 23 de xaneiro ás 10:00 h. ata o 14 de febreiro ás 23:59 h.)- Probas con dereitos de circuíto e con límite de inscritos. Con prioridade a deportistas con licenza galega ou pertencentes a un club con dereitos de circuíto galego aboados.

**Saída sen corte:** Limitada a **170** participantes.

**Saída con corte + Feminina:** Limitada a **170** participantes. Resérvanse 75 prazas para cada xénero ata o 31 de xaneiro. A partir do 1 de febreiro as prazas serán outorgadas por orde de inscrición a calquera xénero ata completar límite de inscrición.

**Prezo: 22 euros – Xuvenís gratuíta**

- Deportistas con licenza do Club organizdor Triatlón Poio terán tarifa gratuíta.

Página 5 | 14

Límite de tempo para a clasificación para Cpto. Galego na saída feminina: **1:35 h.**

Tempo de corte “saída masculina con corte”.- para completar o 2º sector ciclismo: **0:58 h.**

## PRAZOS DE INSCRICION

Do **23 de xaneiro ás 10:00 horas** ao **14 de febreiro as 23:59 horas** ou ata completar prazas.

## PROCEDEMENTO

### Deportistas

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org), no apartado COMPETICIÓN/Regulamentos/Inscricións

Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario. O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.

### Clubs

Accederán a través do apartado competicións, picando en COMPETICIÓN/Inscricións, accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

***Deportistas federados con licenzas de outra comunidade que no hayan abonado derechos de circuíto. Art. 6.c) Reglamento Competición FEGATRI***

*Dados los límites establecidos la inscripción será prioritaria para los deportistas con licencia gallega de circuito o que pertenezcan a clubes gallegos con licencia de circuito. De cara a facilitar la participación esporádica de deportistas de otras comunidades, recogida en nuestros reglamentos, en caso de quedar plazas deberán seguir el procedimiento detallado:*

*Enviar el formulario de solicitud de invitación que pueden descargar de nuestra web a continuación indicamos el enlace*

<http://fegatri.org/wp-content/uploads/2013/04/solciitude-invitation-corredores-outras-comunidade1.pdf>

*Una vez que la Federación autoriza la participación el/la deportista procederá a la formalización de la inscripción a través de la plataforma y abonará la cuota con tarjeta bancaria a través del TPV. Si hubiesen abonado los derechos de circuíto se inscribirán directamente.*

*El miércoles 15 de febrero, si han quedado plazas vacantes, se comunicarán las invitaciones concedidas a deportistas de otras comunidades al correo electrónico de la solicitud, dando plazo hasta las 14:00 h. para formalizar la inscripción.*

## BAIXAS E POLITICA DE DEVOLUCIÓN

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo

electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do correspondente prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación ou que non se axusten ao regulamento) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.

## **PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE INSCRITOS**

Lista provisional. O xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas na lista, ...). É moi importante revisar esta listaxe para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo.

Lista definitiva. O venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

## **LISTA DE ESPERA**

Esgotadas as prazas en calquera das carreiras, abrírase unha lista de espera que se xestionará diariamente segundo se indica a continuación.

A lista de espera xestionarase diariamente, por orde de inscrición, de acordo ao presente regulamento, segundo as vacantes que se vaian producindo ata o remate do prazo de inscrición. Comunicarase ao/á participante correspondente, da lista de espera, por correo electrónico a vacante, dándolle prazo para formalizar a inscrición ata as 14:00 h. do mesmo día. A última incorporación será feita o mércores 15 de febreiro ás 14:00h.

## **PREMIOS**

Premios económicos para os ganadores da proba feminina e masculina	
1ºCLASIFICADA FEMENINA	150 EUROS
1º CLASIFICADO MASCULINO	150 EUROS
2ºCLASIFICADA FEMENINA	100 EUROS
2º CLASIFICADO MASCULINO	100 EUROS
3ºCLASIFICADA FEMENINA	50 EUROS
3ºCLASIFICADO MASCULINO	50 EUROS
1º CLUB CASIFICADO FEMENINO	200 EUROS
1º CLUB CLASIFICADO MASCULINO	200 EUROS

Ao importe do premio económico individual practicaráselle unha retención do 15 % en concepto de I.R.P.F.

- Trofeos para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría: xuvenil, junior, Sub23, Veterano 1, 2 e 3 femininas e masculinos.
- Trofeo ao mellor clasificado empadroado en Poio categoría masculina
- Trofeo á mellor clasificada empadroada en Poio categoría feminina

*"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono".\* Exención covid-19 calquera deportista que non poida quedar á entrega deberá avisar ao Delegado Técnico ou Xuíz Árbitro.*

## NORMATIVA DE COMPETICION

A carreira rexerase segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da Federación Galega e Española de Tríatlon.

<https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>

## ACREDITACIÓN E RECOLLIDA DE DORSAIS

Nunha carpa destinada a tal efecto e en horario de 12.00 a 14:20

Página 8 | 14





**OBRIGATORIO PRESENTAR LICENZA OU D.N.I.**  
Para acceder á transición será obrigatorio presentar, DNI ou documento oficial con foto

## OUTRAS NORMAS DE DESENVOLVEMENTO DA PROBA

Unha vez recollida a bolsa de dorsais, os/as deportistas deberán deixar a bicicleta, xunto co seu material na zona de transición (mínimo 15 minutos antes do inicio da proba). A bicicleta deberá quedar co *manillar* orientado ao corredor e o casco deberá quedar colgado da bicicleta coas correas despechadas.

### TRANSICIÓN:

A circulación de deportistas dentro da transición, antes, durante e despois da competición será nun único sentido.

Durante a competición os/as deportistas deberán entrar e saír da zona de transición coa bicicleta da man, sen ir montados na mesma. Un oficial indicará o lugar de montaxe e de desmontaxe.

### CHEGADA A META:

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de pos-meta, onde depositarán os seus chips nos recipientes habilitados de non ser en propiedade e pasarán a avituallarse. A continuación abandoarán a zona de pos-meta, dirixíndose á transición para a recollida da súa bicicleta e material.

## SERVICIOS DE VESTIARIOS, DUCHAS E GARDAROUPA

Habilitarase o servizo de duchas e vestiarios no **Pavillón de deportes de Lourido** para as/os deportistas. Tamén se habilitará o servizo de gardaroupa que estará situado na ubicación de recollida de dorsais.

## ASPECTOS XERAES

1.No caso de que se produza un abandono o/a deportista terá a obriga de

comunicalo no control de chegada e entregar o chip á organización.

2.As persoas e/ou entidades participantes poderán interpor reclamacións e/ou apelacións para garantir os seus dereitos de conformidade co previsto no artigo 9 do Regulamento de Competicións da FEGATRI da Tempada 2023.

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/05/Procedemento-de-Reclamacion-Apelacion-probas-da-FEGATRI.pdf>

3.Calquera participante, polo feito de tomar a saída na proba, acepta o presente Regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña o Comité Organizador.

4.Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.

5.Todos aqueles/as deportistas que se atopen por detrás do vehículo que pecha a carreira están obrigados a circular polo carril dereito e a cumprir o código de circulación. Os/as participantes que non respecten este punto poderán ser retirados/as da carreira polos membros da organización.

6.A organización contará coa colaboración de organismos municipais competentes, que regularán o tráfico ao longo de todo o percorrido.

7.Existirá un posto de avituallamento líquido e sólido situado na zona de meta e transición.

8.A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios, percorridos, así coma aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade, realizando a comunicación ás partes implicadas.

9.No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha alerta laranxa a carreira será suspendida automaticamente. Do mesmo xeito, se a organización considera que non pode garantir a seguridade dos/as participantes, tamén procederá á suspensión da proba.

10.A organización reservase o dereito de cancelación de calquera das dúas probas, no caso de que pechado o seu prazo de inscrición, esta fose inferior a 15 participantes.

11.De acordo a regulamento, o servizo sanitario da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera deportista que manifeste un mal estado físico.

## 12.DESQUALIFICACIÓNS:

12.1. Todo/a deportista que non realice o percorrido completo.

12.2. O/a deportista que manifieste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a Organización ou calquera persoa involucrada no desenvolvemento do evento.

12.3. Calquera outra situación contemplada nos regulamentos oficiais de competición vixentes da FETRI ou da FEGATRI.

<https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>


## AVITUALLAMENTOS

Avituallamento líquido no segmento de carreira a pé, e avituallamento líquido e sólido na zona de pos-meta.

## REUNIÓN TÉCNICA

Publicarase online o xoves antes da proba, na páxina web da FEGATRI, con toda aquela información técnica que afecte á competición.

## PLANOS DA PROBA



SECRETARIA E ACCESO A TRANSICIÓN




SERVICIOS



TRANSICIÓN E META



SECTOR 1 Y 3 CARRERA



SECTOR 2 CICLISMO